

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 17/02/1965**

**Colección:**

**Data:** 17/02/1965

**De:**

Ramón Piñeiro;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orix:**

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

*Homenaje a Venecia*; Artes; Artes visuais;

**Mencionados:**

Isabel López García; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## Transcripción da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 17/02/1965

Compostela, 17-II-65

Sr. D. Luis Seoane  
B. Aires

Benquerido Luis:

Recibín o teu Homenaje a Venecia, que foi pra min unha grata e moi leda sorpresa. Contemplei moitas veces, e sempre de vagariño, ises once grabados. Non me canso de ollar pra iles. Sempre me lembran o entusiasmo con que tí nos falabas de Venecia mentres tomabamos un café con leite no Hostal. Entusiasmo ben fondo e ben persistente, como estas fermosas estampas demostran. Confesas no prólogo, impregnado de serena e sabia emoción evocativa, que lle ofreces esta presada de grabados a Venecia coa mesma intención, e quizáis co mesmo destino efímero, con que se lle podería ofrecer un ramo de rosas. A comparanza metafórica vale somentes no que se refire á intención –e tamén, dende logo, á beleza da oferta--, pro falla no tocante á duración da súa vixencia. A tua oferta é tan xentil e tan fermosa como podía ser un espléndido ramo de rosas escolleitas. Pro é superior a elas nunha cousa importante: na perdurabilidade. Nesto o arte é superior á natureza. As tuas “rosas”, por non seren pura e simple creación espontánea da vida senon obra do espírito, non son efímeras, non están fatalmente condenadas ó ritmo de caducidade vital. Viven –perduran– no tempo espíritoal. Durarán máis, moito máis, moitísimo máis do que durará o seu creador, e poden, mesmo durar, máis que a propia Venecia. Ise é un dos prodixios do arte verdadeiro: sobrevivir ó seu creador i ós motivos que o inspiraron.

Dígoche que me gusta moito o teu álbum venecián. Si algunha vez for a Venecia –desgraciadamente é moi pouco probábel–, seguro que ollarei e vivirei o seu ambiente “a través” dos teus grabados e da impresión que deixaron no meu espírito.

Os nosos saúdos garimosos a Maruxa e de Isabel pra tí. E xunto co agradecemento máis sincero, recibe unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.